

Remeiras e remeiros no río Lérez desde unha lembranza a Agustín Rivas Villanueva

Mateo Fontán Couto



Agustín Rivas Villanueva

Unha figura, plenamente esquecida, vese hoxe como esencial para abordar unha aproximación á historia do remo moderno en Pontevedra. Trátase de Agustín Rivas Villanueva, pontevedrés con vida social e política voluntariamente asentada en Vigo, e fillo de Ramón Rivas Villamisar e Ángeles Villanueva Bernat. Matrimonio este que chegou a ter dez fillos e que mantería aberto o seu lar familiar no lugar de Portosanto, en Poio. Ramón Rivas, o pai, era un coñecido procurador dos tribunais e licitador ao que lle colocaran unha bomba en 1921 que lle causa danos materiais na súa finca por cuestións, díxose, de loita foral. Acusárase dos feitos a un home chamado José Muñiz, de mal nome O Peilán, que xa posuía antecedentes por uso de explosivos.

Agustín Rivas Villanueva estuda no privado Colegio Balmes de Pontevedra e, despois de pasar polo instituto, licenciárase en Dereito en 1927. Os seus comezos profesionais como

avogado están ligados á cidade de Vigo onde abre unha activa vida social, deportiva e política. Casado con Moncha García de Vicente, filla do xefe de Telégrafos de Cambados, xa en xuño de 1930 forma parte do grupo de fundadores do Club Marítimo de Vigo, entidade da que foi elixido primeiro presidente. Unha opción asociativa polo remo que compartirá neses mesmos días coa función de delegado local da Federación Española de Boxeo e, xa como deportista, con repetidos éxitos competitivos como nadador. No plano político, e en paralelo ao fin do réxime monárquico, Agustín Rivas xa figuraba en 1931 como presidente da Juventud Republicana de Vigo e aos poucos xa tamén no comité provincial do Partido Republicano Radical de Pontevedra, con Emiliano Iglesias como líder. En 1933 ostentaba, como concelleiro, unha tenencia de alcaldía na cidade olívica, sendo Emilio Martínez Garrido, o alcalde vigués asasinado en 1936, quen presidía o concello. Actividade política que non o afasta en ningún caso da relación coa súa Pontevedra natal e familiar ata o punto que en 1932, Agustín é presidente do Club Náutico de Pontevedra, sociedade que fora fundada un ano antes. Case de forma simultánea terá un papel relevante no Club Marítimo, o outro club de remo con presenza na cidade.

Antes da fundación destes dous clubs transcenderan anteriores e pioneiras actividades, xa sexa recreativas ou puramente deportivas, relacionadas co cultivo estival do remo, tanto na ría de Pontevedra como por

espazos do río Lérez. Hai constancia de regatas nos chamados “salóns” do Lérez en 1887 e de como o 9 de outubro de 1899 nace a “Sociedad de Recreo Sport Náutico de los Placeres”. Unha entidade que tiña como fin a celebración de regatas e outras festas de carácter marítimo. En 1902 detéctase igualmente a un Real Sport Náutico pontevedrés competindo nunha denominada “Copa de la Reina”, patrocinada polo todopoderoso político galego Eduardo Vincenti. Tamén, entre os anos 1900 e 1906, a sociedade Liceo Gimnasio, con sede á mesma beira do río, organiza regatas no Lérez e, en setembro de 1903, constátase a existencia dun primeiro Club Náutico de Pontevedra con Eulogio Fonseca como promotor, e que, á altura de 1905, aínda persistía. Sinais de uso do remo en clave deportiva pero que na realidade, nesta etapa pioneira, non se afastaban dun mero uso recreativo ou excursionista —como o representado anos despois polo club Karepas— ben distinto do regulado e competitivo que xa representarían nos anos 30 do pasado século entidades como o Club Marítimo ou o Club Náutico e nos que fundacionalmente se implica o citado Agustín Rivas Villanueva.

O Club Marítimo de Pontevedra

O 23 de febreiro de 1931, segundo reflicten os seus estatutos, presentábanse os regulamentos do Club Marítimo de Pontevedra. Entre os seus fundadores figuraba Félix Rivas Villanueva, irmán de Agustín Rivas. A súa sede social situábase na



As tripulacións femininas de Pontevedra e Vigo competindo na ría en 1932.

rúa Manuel Quiroga 28, xusto onde estaba aberta a procuradoría da familia Rivas. Para gardar as embarcacións e material, o club contaba cun primeiro pañol no número 23 da rúa por aquel tempo dedicada a Bernardo Mateo Sagasta.

A primeira directiva do Marítimo reflectía un carácter transversal na que estaban representadas as chamadas "forzas vivas", profesionais, funcionarios e os verdadeiros animadores deportivos da sociedade. Así figuraban como presidente Luis Fonseca Quinteiros (home de sempre ligado á familia Riestra), Manuel Lorán Montes, como vicepresidente e Manuel Vega García e Octavio Pintos Lois nas secretarías. Con Félix Rivas Villanueva como contador, Joaquín Nuñez Vázquez faría de tesoureiro, José Pita Suárez-Cobián de capitán do club e Gonzalo Mucientes Durán de comodoro. Outros cargos ocúpános Ramón Barreiro Paz, Félix Tojal, Eduardo Alejandro Ferrín e Benito Calvo Lores mentres que, como delegado no barrio mariñeiro de Etribela, responsabilizase Senén Sobral. Xa en xullo de 1931 a directiva suma novos nomes, con Luis Fonseca e Manuel Vega García como homes fortes, nun proceso renovador de cargos que se manterá con diferentes altas e baixas ata 1936. Así a directiva do club en 1933 é presidida por Antonio Ríos Mosquera, rexistrador e tamén presidente en Pontevedra

da monárquica Unión Nacional que suma a Emilio Quiroga Losada, arquitecto e irmán do violinista Quiroga, ao prestixioso fotógrafo Joaquín Pintos Amado e ao axente de Aduanas Santiago Baeza, home este presente tanto en directivas do Club Marítimo como na do seu competidor local o Club Náutico.

Nos propios estatutos o Club Marítimo declara que tiña "por objeto practicar los deportes náuticos, desarrollar la afición por los mismos y celebrar fiestas marítimas". O regulamento do club merece cambios en 1935 desde os que renovará unha bandeira societaria que pasará a ser azul e branca, como a da antiga provincia de Pontevedra. O Marítimo viviu intentos e episodios de fusión, que non chegarían a se concretar, coa denominada Sociedad Juventud Atlético Sporting e mesmo coa Sociedad Gimnástica de Pontevedra e, no plano económico, desencontros e problemas serios co Banco Pastor á altura de 1936. Con máis de 30 embarcacións ao servizo dos socios, os estaleiros Hermanos Souto de Marín foran desde 1932 os seus provedores de canoas que como o resto das embarcacións da sociedade, participaban do evento creado polo club en 1935 baixo a denominación de "Día de los deportes del mar" e no que outras seccións do Marítimo, como as de waterpolo e de natación, competían igualmente.

O Club Náutico de Pontevedra

En marzo de 1931, case á vez da fundación do seu rival o Club Marítimo, detéctanse os primeiros pasos do Club Náutico de Pontevedra. O seu escudo será unha bandeira marítima co azul, branco e azul en disposición vertical. Os impulsores deportivos foran Avelino Montenegro Cabezas como "motor master", José Cendón Casas de "conservador", tamén Santiago Baeza Buceta, e Celestino López de Castro García no papel de "preparador". Pero o certo é que na directiva do club para 1932 os irmáns Agustín e Félix Rivas Villanueva xa ocupan os postos de presidente e secretario respectivamente. Fieis á súa bandeira política, os irmáns Rivas concédennlle en 1933 a presidencia de honra ao líder republicano Emiliano Iglesias Ambrosio, que mesmo chega a doar a "Copa Emiliano Iglesias". Unha decisión esta dos Rivas que non fixo senón situar, no plano da opinión popular, ao Náutico nun sector prorepublicano e progresista que o enfrontaría a un Marítimo supostamente máis conservador. Mais o certo é, que fora das tendencias políticas significadas dalgúns dos directivos de ambos



Marina Rivas Villanueva, unha das remeiras do Náutico, o día da súa voda.

clubs, nas dúas sociedades convivían xentes de todas as ideoloxías presentes na vida pontevedresa. Este mesmo ano de 1933, malia residir en Vigo, Agustín Rivas Villanueva figura como vicepresidente de honra nunha directiva presidida por Manuel Boulosa López. Á altura de 1935, Agustín Ferro Cea era o presidente dunha xunta na que sentaban igualmente Isolino Solla Argibay, Gabriel Santos Villar, na que Clemente Carrascal era o “capitán” e o home do día a día, desde o seu posto de comodoro, non era outro que Félix Rivas Villanueva.

O Club Náutico de Pontevedra contaba para a práctica deportiva con embarcacións que foran construídas polos Astilleros Hermida de Marín. Tamén a Astilleros Deportivos de Motrico se lle encargaran dúas traíneiras de 9,5 metros para entre seis e oito tripulantes, con posto para un remo que fixese de temón. A esta mesma empresa vasca cómpranselle dúas piraguas de lona tipo “Canada” e dúas “Nacional” para dous tripulantes. Aos Astilleros Hermanos Souto, tamén de Marín, encargáronlles, en xullo de 1932, embarcacións de 9,5 metros para seis remeiros e temoneiro. Desde Vigo chegaría unha “ballenera” de regatas de 7,5 metros para catro remeiros e, en febreiro de 1935, o Club Marítimo vigués agasalla ao Náutico cunha traíneira e, xa para uso recreativo de socios e familiares, estudouse a adquisición de chinchorros, esquifes e máis piraguas. En abril de 1933 solicítase a unha empresa inglesa presuposto para a adquisición de dúas outridgges, embarcacións empregadas nas tradicionais e famosas regatas entre Oxford e Cambridge. No canto de competicións e actividades deportivas, o Náutico organizaba raids polo Lérez e o Umia e diferentes festas marítimas ao mesmo tempo que, en clave directamente competitiva, participa en regatas na ría de Vigo, que ás veces adoitaban ir acompañadas con comidas no lazareto de San Simón e, claro é, na ría de Pontevedra, especialmente en



Moure, un dos remeiros máis sinalados do Club Náutico de Pontevedra.

Marín. En 1934 organiza unha ambiciosa “Regata de Invierno”, a disputar entre a ponte do Burgo e a da Barca, e na que se poría en xogo a “Copa Presidente da República”. Nesta competición conseguiría a copa en propiedade aquel equipo que a gañase tres veces consecutivas ou cinco alternas. A primeira das regatas celebrouse o 23 de decembro de 1934; a segunda o 23 de xaneiro de 1935 e a regata final o 18 de febreiro de 1935. O 23 de xuño, o pontevedrés Portela Valladares, por eses días ministro de Gobernación, envía desde Madrid unha copa por ferrocarril para agasallar os vencedores desta novidosa e á vez ambiciosa competición.

Na nómina dos equipos que adoitaban competir nas distintas regatas celebradas nas rías, ademais do Náutico de Pontevedra, figuraban o Canoa Club de Guixar, o Náutico de Vigo, o Rodeiramar de Cangas, o Baleata de Cangas, a Asociación Deportiva de Marín, ás veces o Náutico da Coruña e, por suposto, o Marítimo de Pontevedra. Estes clubs pertencían á Federación Gallega de Remo Amateur. Outros equipos, como un denominado Club Negro de Mollavao, non chegaron a se afianzar e a súa presenza foi non máis que episódica.

Pioneiras do remo feminino

En febreiro de 1932 o Club Náutico de Pontevedra decide por en marcha unha sección feminina de remo. O sete de outubro deste mesmo ano fanse públicos os nomes das que se converterían en pioneiras do remo feminino pontevedrés. Tratábase dun pequeno grupo de mozas, algunha delas claramente ligada familiarmente a directivos ou practicantes do club, que pasan a adestrar con vistas a competir con tripulacións femininas, que ao mesmo tempo, se estaban a configurar en Vigo. O ambiente de liberdades para a muller que xeraba o réxime republicano permitía que, fóra do puramente recreativo, a muller se achegara sen complexos á actividade deportiva federada. Unha circunstancia que anima á participación nos deportes náuticos dese grupo de mulleres que, no caso de Pontevedra, encabezaría Inés Rivas Villanueva, irmá de Agustín e Félix, os principais animadores do club. Inés era unha mestra que previamente acadara un primeiro destino en Arbo para asentar despois na escola pública de Campañó en 1934. Casada neste mesmo ano con Baldomero Tomé Corbal, tamén mestre en Cobres-Vilaboa, era unha loitadora pola dignidade profesional do maxisterio desde a lealdade aos novos aires pedagóxicos polos que pulaba a República. Co golpe militar do 36 abríronlle expediente “favorablemente” aínda que ela e o seu home “entregan” desde outubro de 1936, vinte pesetas dos seus salarios mensuais ao exercito alzado. Outra das remeiras do equipo do Náutico sería a súa irmá Marina. Esta outra Rivas Villanueva, que casara no mosteiro de Poio co pontevedrés Manuel Alonso Parada, mestre en Casal-Ourense, figuraría como patroa da embarcación. Completaban a tripulación Palmira Freire Leira, tamén mestra (abríuselle expediente en maio de 1940, igual que ao seu irmán Gonzalo) e Celia Solla Cordo, filla de

Isolino Solla, propietario da Tinturería San Roque tan ligada ao arrabalde marítimo da Moureira.

Palmira, Inés, Celia e Marina, as pioneiras do remo, competiron en varias ocasións co grupo do Marítimo de Vigo que estaba formada por Teresa e Carmen Carrera, Carmela Losada e Marina Cela. Mulleres deportistas que compartiron a súa paixón polas regatas con outras mozas que apostaron, neses mesmos anos, por facelo en piraguas. En Marín padexaban en piragua mixta Conchita del Río, Linda Moreira, Lucía Pérez, Julia Alcántara e Maruja e Nena Rocafort. Tamén Carmén Martínez como tripulación da Nievitas, e Isolina González coa canoa Niní. En Vigo, Emilia Dolcet, que chegou a ser Miss España, foi unha gran padexeira e campioa de Vigo en 1933 regateando, en parella mixta, co remeiro Mera.

A memoria destas mulleres do Club Náutico, verdadeiras heroínas na xa longa historia do deporte pontevedrés, e se cadra máis meritoria pola mínima continuidade que o remo feminino acadou na nosa cidade, mesmo en tempos xa democráticos nos que se avanzou na socialización do deporte feminino. Tamén o Club Marítimo de Pontevedra abriu as súas portas á participación feminina. Neste caso sempre na modalidade de piragua mixta. Con Tata Moya a padexar en 1935 con José Domínguez, e xunto os irmáns Acuña, fixérono Araceli Viaño e Marina Rey.

As remeiras do Club Náutico compartiron unha competitividade que na parte masculina do seu club encabezarían, sobre todo desde 1934, remeiros de referencia na entidade como foron Gerardo Pazos, Benjamín Pazos, Juan Pazos, Amador Villar, Manuel Rivas, Ramón Rivas, Manuel González, Benardino Justo e Isidoro Montes. Todos eles, sempre baixo a dirección de Moure como patrón.



Tripulación do Náutico en 1935.

O devalar dunha época histórica

Os dous clubs de Pontevedra, o Marítimo e o Náutico non sempre conviviron de forma amistosa. E a pesar de que varios dos seus socios mantiveron relación con ambas entidades –caso dos irmáns Rivas Villanueva– as relacións persoais xeraron fricións que transcenderían do marco puramente deportivo. O certo é que hai constancia de tensos enfrontamentos, levados ás veces á prensa, e que tiveron como causa conflitos xurdidos nunhas regatas celebradas en Marín no ano 1933. Con todo, as dúas sociedades chegaron en activo ata o fatídico xullo de 1936 e sufriron, como toda a sociedade, o impacto do golpe militar e os efectos bélicos e represivos dunha aberta persecución civil.

Os compromisos políticos anteriores nos que se implicara en Vigo Agustín Rivas Villanueva conducen ás

novas autoridades militares cara unha primeira persecución que solventará cun discreto retiro na súa finca familiar de Portosanto. Consegue, cando contaba con 39 anos, zafar das fatais consecuencias da represión, aínda que non pode evitar ser multado e inhabilitado por cinco anos para calquera desempeño de cargos públicos “de mando, confianza o directivos”. No que toca ao seu irmán Félix Rivas Villanueva, que meses antes do alzamento militar, comisionado por remo, fora membro da Comisión Pro-Olimpiada Popular de Barcelona, tamén acadara certa relevancia política previa. Chegou ser tesoureiro das Juventudes do Partido Republicano Radical en Pontevedra e directivo do Centro Radical. Propietario da Agencia General de Negocios, a xestoría administrativa de Manuel Quiroga 28, que anteriormente fundara o seu pai, viríase protexido por algúns dos seus antigos correligionarios radicais, agora ligados á Falanxe e mesmo á tristemente célebre Guardia Cívica de Víctor Lis. De tal xeito que en 1937



Regatas organizadas en 1932 polo Club Marítimo en Pontevedra.

xa figura como secretario do Circulo Mercantil e Industrial de Pontevedra. Aínda así, en 1943, Félix recibiría unha multa de 300 pesetas por parte do Goberno Civil por “verter frases subversivas en el Circulo Mercantil”.

No tramo 1936-1939, o correspondente co período bélico, e con algúns dos deportistas chamados a quintas, pouca foi a actividade dos clubs de remo pontevedreses. Desde 1940 retomaríanse timidamente unhas regatas nas que os trofeos en xogo, por orde da autoridade, “llevarán el nombre de un deportista de mar caído por Dios y por España”. Tempos estes nos que os clubs deportivos eran estreitamente controlados ou directamente absorbidos pola oficialista estrutura de “Educación y Descanso” e desde a que o réxime franquista vivía todo o que arrodaba o deporte. Con vida difícil e estreita, os dous clubs tentaron en diversas ocasións relanzar o seu anterior esplendor a partir dunha fusión que sempre foi vista con desconfianza polas novas autoridades. De feito unha simple reunión convocada con vistas a estudar a unión das dúas sociedades remataría coa detención governativa dos participantes. Á altura de 1945 existía unha sección de remo no club Teucro, competíase contra tripulacións de barcos de guerra e bases e escolas da Armada, así como con embarcacións tripuladas con mariñeiros profesionais da flota pesqueira. Desde 1940 o Náutico dependería da Obra Sindical de Educación y

Descanso e por un moi breve tempo será denominado “Club Náutico Marítimo de Educación y Descanso”.

A reaparición de Rivas Villanueva

En 1954 reaparecerá en Vigo a figura outra vez pública de Agustín Rivas Villanueva. Foi a conta de recibir un premio de xornalismo deportivo por parte da Delegación Nacional de Deporte. Colaborador da prensa viguesa, un ano despois xa exercía como delegado de Remo na directiva do Club Náutico de Vigo e, en 1956, ostentaba de novo un cargo directivo, esta vez na Federación Gallega de Natación. Agustín, que competira como nadador ata os 48 anos de idade, será nomeado de seguido. Limpo o seu pasado, como presidente da Federación Gallega de Remo. Unha responsabilidade que un home tan ligado aos momentos fundacionais deste deporte en Pontevedra e Vigo estenderá ata as décadas dos 60 e 70 do século pasado.

Froito dos seus cargos e máis do labor federativo, Rivas Villanueva coñecerá de primeira man como o 17 de xuño de 1958 nacia o Club Naval de Pontevedra. Un feito ao que non é alleo o traballo a prol da fusión do Club Náutico cun Club Marítimo, con Luis Gutiérrez Fernández-Luanco, por esas datas, de presidente. Rivas Villanueva visitou en distintas ocasións as instalacións do novo Club Naval entre 1958

e 1960 na procura e seguimento de remeiros galegos seleccionables para a Olimpíada de Tokio de 1964. Sempre fiel e leal a unha historia do remo en Pontevedra que el, cos seus irmáns e irmás, tanto contribuiría a asentarse e desenvolver en tempos da República. En 1977, morto o ditador, e con vistas aos procesos electorais da nova democracia, Agustín Rivas Villanueva, lembrando os seus anteriores días na política, volvería a navegar. Animase a crear e liderar o minoritario partido Alianza Gallega Social Demócrata que, ao contrario da súa vida entregada ao remo, pasaría pola política sen maior nin menor gloria. Un fracaso que administraría, ben seguro, co espírito deportivo dun home ligado ao boxeo, a natación, mais sobre todo ao remo.

Fontes hemerográficas e gráficas

- El País, Pontevedra.
- El Diario de Pontevedra, Pontevedra.
- El Progreso, Pontevedra.
- La Correspondencia Gallega, Pontevedra.
- El Pueblo Gallego, Vigo.
- Vida Gallega, Vigo.
- El Correo de Galicia, Buenos Aires.

Bibliografía

- FEIJOO LAMAS, L.: «En los Placeres, regatas de señoritas», Revista Asociación de Vecinos San Roque, Pontevedra, 2017, pp. 25-27.
- FERNÁNDEZ SIEIRA, J. L.: «Los primeros bateles de Pontevedra», Nodales, Pontevedra, 2009, pp.19-20.
- GARCÍA IGLESIAS, J. B.: Donde la salmuera. La moureira y sus gentes, Afil, Pontevedra, 2017, pp. 233-239.
- LÁNDÍN TOBÍO, P.: De mi viejo carnet, Deputación de Pontevedra, Artes Gráficas Portela, Pontevedra, 1984.
- PAZOS PÉREZ, L. J.: «Club Marítimo», Revista Asociación de Vecinos San Roque, Pontevedra, 2007, pp. 35-38;
- IDEM: «Club Marítimo II», Revista Asociación de Vecinos San Roque, Pontevedra, 2008, pp. 49-50;
- IDEM «Cien años de Karepas», Diario de Pontevedra 26-3-2017; IDEM: Karepas-1917 Marítimo-1931, Damaré edicións, Pontevedra, 2017.

<http://www.clubnavalpontevedra.com>



Outra formación do Náutico de Pontevedra en xuño de 1933.